

Mapa comercial de Santiago de Compostela

Manual de usuario

Acceso á aplicación

Para acceder ao mapa comercial de Santiago de Compostela só ten que teclear **mapacomercial.santiagodecompostela.gal** no seu navegador. Na pantalla de inicio poderá ver os seguintes elementos:

- Unha breve descrición da aplicación.
- As seguintes iconas:

Área privada 

Acceso á área de administración da aplicación. Só se permite o acceso ao persoal autorizado do Concello de Santiago.



Buscar

Permite buscar establecementos segundo distintos criterios. Para realizar unha busca pulse sobre **“Buscar”**



Novo comercio

Permite solicitar a inclusión dun novo establecemento ou a modificación dos datos dun existente. Consiste nun ficheiro PDF que terá que cubrir e enviar ao enderezo que indica. Para descargar o documento pulse sobre **“Novo comercio”**



Manual de usuario

Manual de usuario en PDF. Para descargalo pulse sobre **“Manual de usuario”**


Mapa comercial de Santiago de Compostela

Manual de usuario

Realizar una busca

Pulse sobre a palabra “**Buscar**” e poderá seleccionar distintos criterios de búsqueda:

- **Nome comercial:** tecleando o nome do establecemento ou parte del. Se non se encontra ningún establecemento que cumpra eses criterios, a aplicación indicarllo e permitiralle facer unha nova busca.
- **Actividade:** aparecerá unha listaxe despregable cunha serie de actividades e poderá seleccionar unicamente unha delas.
- **Zona:** aparecerá unha listaxe despregable cunha serie de zonas de Santiago e poderá seleccionar unicamente unha delas.
- **Rúa:** deberá introducir a rúa na que quere buscar. A medida que o vaia facendo irán aparecendo os nomes das rúas do concello para que poida seleccionar a que vostede desexe.



The screenshot shows the 'Mapa comercial' search interface. At the top left, it says 'Inicio / Buscar'. At the top right, there is an 'admin' link with a power icon. The main search area contains four input fields: 'Nome comercial:' with a text box containing 'Nome do establecemento'; 'Actividade:' with a dropdown menu showing 'todas'; 'Zona:' with a dropdown menu showing 'todas'; and 'Rúa:' with an empty text box. At the bottom, there are two buttons: 'Buscar' and 'Limpar formulario'.



Mapa comercial de Santiago de Compostela

Manual de usuario

Ademais de buscar por criterios individuais, pode facelo tamén por unha combinación destes, seleccionando varios criterios simultaneamente, como por exemplo, zona e actividade.

Se desaxa cambiar os criterios, pulse **“Limpar formulario”**. Se desaxa realizar a busca pulse **“Buscar”**.

Páxina de resultados


Se a súa busca non encontra establecementos que coincidan cos criterios que sinalou, a aplicación indicarllo cunha mensaxe.

En caso contrario mostraralle unha pantalla similar a esta. Nela pode ver os seguintes elementos.


Mapa: coa situación dos establecementos. Pode achegar ou afastar o zoom pinchando sobre os símbolos +/- que se encontran na parte superior esquerda. Tamén pode cambiar a vista “mapa” a “foto aérea” seleccionándoa na icona da parte superior dereita.

Mapa comercial de Santiago de Compostela

Manual de usuario





Os establecementos aparecerán sinalados cun marcador de cor granate. Se pulsa sobre el aparecerá un cadro con algúns datos do establecemento. Para cerralo pulse sobre o X que se encontra na parte superior dereita.




Nalgúns casos, os establecementos están demasiado cerca unhs doutros para poderen ser mostrados de forma individual. Neste caso aparecen agregados nun punto que pode ter diferentes cores, cunha cifra no seu interior. Esta cifra indica o número de establecementos

Mapa comercial de Santiago de Compostela Manual de usuario

que están agregados. Para velos só ten que pinchar sobre círculo ou achegar o mapa coa icona + e irán aparecendo os marcadores individuais. Se volve premer na icona -, volverán integrarse nun só punto.



Na parte inferior da páxina aparece a listaxe dos establecementos que cumpren os criterios de busca, xunto cunhos datos básicos.



Se desexa realizar unha nova busca prema sobre o botón **“Nova busca”**.

Mapa comercial de Santiago de Compostela

Manual de usuario

Se, pola contra, desexa coñecer máis datos dalgún establecemento só ten que pulsar sobre o nome e abriase a ficha completa, na que poderá ver un mapa, algúns datos adicionais e acceder á páxina web, se dispón dela, así como ás redes sociais nas que está presente, que aparecerán resaltadas en cor granate.



Para volver aos resultados da busca, só terá que pulsar **“volver”** no seu navegador.

Por último, tamén poderá ver unha galería fotográfica do establecemento. As distintas imáxes irán aparecendo automaticamente, ou pode pasalas premendo sobre ao botóns co símbolo < > que se encontran na parte superior da galería.